



CONVENIO ENTRE A AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO E DIFUSIÓN DO CATÁLOGO DE RECURSOS NATURAIS DISPOÑIBLES EN GALICIA 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Fernández Vila, en nome e representación da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, en adiante Inega, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5, 15707- Santiago de Compostela, e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Cecilia Trancón Loureiro, como presidenta da Cámara Oficial Mineira de Galicia (en diante COMG), entidade domiciliada na Coruña, rúa de Juana Capdevielle, nº2, segundo consta na acta da Xunta Directiva Extraordinaria celebrada o día 08/10/2024, para o nomeamento de cargos da COMG.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar e adoptar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o INEGA é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos





sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o INEGA pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- O Regulamento de Réxime Interior da COMG do 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2 alínea primeira que "A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería.

Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de Réxime Interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

Terceiro.- De conformidade coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas, a sustentabilidade conxuga tres dimensións: económica, social e ambiental. Neste senso, o desenvolvemento sustentable, entendido como a conxunción de progreso económico, xustiza social e protección medioambiental, implica non só a aplicación das técnicas máis respectuosas co medio ambiente e coa preservación dos ecosistemas naturais e a rehabilitación do espazo natural afectado, senón tamén a integración social da actividade económica e a creación de valor para a comunidade social afectada, tanto durante o desenvolvemento da explotación como unha vez rematada esta, reconvertendo antigas infraestruturas mineiras en motores de desenvolvemento económico e social, contribuíndo á sustentabilidade social e territorial, ademais de preservar o legado histórico e cultural de Galicia.

Así mesmo, para promover a transición da Comunidade Autónoma de Galicia cara a unha economía circular seguindo as premisas impostas no ámbito comunitario e no





ámbito estatal, no Consello da Xunta de Galicia celebrado o 12 de decembro de 2019 aprobouse a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030, coa que a Xunta de Galicia quere impulsar un cambio na próxima década que permita substituír o noso sistema económico lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais e que poña en valor os recursos identificados como característicos do territorio, entre os que se atopan os recursos mineiros (granito, lousa, etc.), obtidos mediante o uso de tecnoloxías máis limpas e con prácticas sustentables.

De igual xeito, o paso a unha economía descarbonizada e dixitalizada que supón o actual proceso de transición enerxética require de materias primas e procesos de produción eficientes, o que configura a minería como un sector esencial para promover as políticas enerxéticas que desenvolve o INEGA.

Na mesma liña se desenvolve a Axenda Galega de Impulso de Minería Sostible 2030 (AMSG 2030), que contempla entre as súas iniciativas actuacións encamiñadas ao impulso da circularidade das materia primas minerais mediante a valorización dos residuos producidos nos establecementos mineiros. En concreto, no seu Eixe 5: "valorización económica e o emprendemento", a Axenda contempla como unha das súas iniciativas a "análise e posta en valor do potencial mineiro galego", dentro da cal propónse a creación dun inventario dos recursos minerais dispoñibles en Galicia que, polas súas características, poidan resultar rendibles para outros usos e sexan susceptible de integración na Materioteca de Galicia.

A iniciativa da Materioteca de Galicia, é un espazo de difusión pública de materiais innovadores desde o que se trata de facilitar a transferencia de tecnoloxías de materiais cara a todo o tecido industrial de Galicia.

Para a consecución dese obxectivo resulta imprescindible o compromiso activo de todos os axentes implicados, así como da sociedade en xeral, e neste sentido a COMG ven desenvolvendo nos últimos tempos un papel de vangarda actuando como aglutinadora dos diversos axentes económicos, sociais e institucionais arredor da iniciativa denominada Plataforma Minaría Sostible de Galicia, da cal é promotora.

Pola súa banda, no ámbito da integración social e territorial da actividade mineira, a COMG ten levado a cabo actuacións de gran repercusión social a través da posta en valor do patrimonio xeolóxico e mineiro.

A COMG constitúe, polo tanto, a única entidade que reúne dous requisitos singulares e cualitativos: por un lado, ser a entidade máis representativa do sector tanto por número de membros como por abranguer con carácter transversal a todos os subsectores do ámbito mineiro e, por outro, ter a natureza xurídica de corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira na Comunidade Autónoma de Galicia e, en particular, a compatibilización da actividade mineira coa protección do medio ambiente e a integración social e territorial.





Cuarto.- Mediante este convenio o INEGA expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir fins comúns de interese público por iso é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

Quinto.- O INEGA participa no presente convenio por tratarse dunha actuación que vai servir para fomentar a transición enerxética e promover os novos materiais necesarios para a descarbonización da economía, ao mesmo tempo que se favorece a consecución de obxectivos da propia administración autonómica como os establecidos na "Axenda Galega de Impulso da Minería Sostible 2030".

Por isto, INEGA e COMG están interesados en colaborar para a consecución destes obxectivos e, para tal efecto, subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes, para a consecución dos obxectivos comúns de INEGA e COMG para o mantemento e difusión do catálogo de recursos naturais dispoñibles en Galicia.

Durante a vixencia do convenio desenvolveranse as actuacións que se definen na cláusula segunda.

Segunda.- Compromisos de COMG

COMG comprométese á realización das seguintes actuacións co alcance e orzamento que se indican:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
a) Recompilación de fichas de produtos de recursos naturais de orixe mineral dispoñibles en Galicia para ampliar o Catálogo de Recursos Naturais de Galicia incluído na Materioteca de Galicia, con novas mostras para a vinculada exposición que se localiza no CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol.	26.000,00 €
b) Análise e avaliación de usos alternativos de produtos e subprodutos minerais galegos	19.000,00 €
c) Inclusión dos datos do Catálogo de minerais na web da Materioteca.	14.000,00 €
d) Actualizar o mapa de recursos dispoñibles do sector	



mineiro	20.000,00 €
e) Exposición do catálogo de Recursos Minerais da Materioteca no contexto do MMH	10.000,00 €
f) Presentación colectiva dos datos obtidos a centros tecnolóxicos, empresas e grupos de investigación do proxecto de colaboración.	11.000,00 €
TOTAL	100.000,00 €

a) Recompilación de fichas de produtos de recursos naturais de orixe mineral dispoñibles en Galicia para ampliar o Catálogo de Recursos Naturais de Galicia incluído na Materioteca de Galicia, con novas mostras para a vinculada exposición que se localiza no CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol.

A COMG realizará a actualización do Catálogo de Recursos Naturais de Galicia incluído na Materioteca de Galicia mediante a incorporación de 65 novos produtos de orixe mineral dispoñibles no territorio galego. Para cada un destes 65 produtos elaboraranse as correspondentes fichas técnicas, que incluírán: procedencia do recurso natural, empresa subministradora, aplicacións e usos, imaxe da materia prima, e, cando sexa posible, a súa caracterización mineralóxica e propiedades.

Para completar esta actualización, a COMG procederá tamén á toma de mostras físicas de 36 destes 65 produtos, seleccionados para seren incorporados como novas mostras na exposición permanente da Materioteca de Galicia, situada no CIS Tecnoloxía e Deseño (Ferrol).

Unificarase a imaxe dos paneis expositivos, dotando do mesmo deseño e logotipos a todos os paneis expositivos da materioteca.

Esta liña de traballo inscribese no marco da Axenda Galega de Impulso da Minería Sostible 2030.

b) Análise e avaliación de usos alternativos de produtos e subprodutos minerais galegos

A COMG realizará a análise e avaliación do potencial de produtos e subprodutos minerais dispoñibles en Galicia para seren empregados como substitutos doutras materias primas actualmente importadas polo tecido industrial galego, así como para a súa incorporación en novos usos e aplicacións (materiais compostos, industria cimenteira, áridos reciclados, cerámica, entre outros).

O obxectivo é explorar a viabilidade de empregar materiais minerais galegos de fácil acceso en lugar de materiais procedentes do estranxeiro, contribuíndo á redución da dependencia exterior e ao fortalecemento das cadeas de subministración locais.



Esta liña de traballo inscríbese no marco da Axenda Galega de Impulso da Minería Sostible 2030, que promove actuacións orientadas a incrementar a circularidade das materias primas minerais. Entre estas actuacións inclúense a análise xeoquímica e a revalorización de residuos xerados nos establecementos mineiros, especialmente aqueles con potencial valor estratéxico e que poidan resultar rendibles para novos usos industriais.

c) Inclusión dos datos do Catálogo de minerais na web da Materioteca.

Unha vez recompilados e catalogados os datos dos minerais presentes na comunidade, procederase á súa posta a disposición da sociedade mediante a súa incorporación na páxina web da Materioteca de Galicia (<https://www.materioteca.gal/recursos-naturais/>).

Para iso, a COMG encargárase da implementación da base de datos que integrará a información recompilada no apartado a), garantindo que permita a realización de buscas e consultas por parte das persoas usuarias, así como a incorporación de novas fichas. Estas fichas deberán estar clasificadas por sector e documentadas seguindo a mesma estrutura empregada para os materiais xa presentes, de modo que cada un deles dispoña dunha ficha individual que inclúa a descrición das súas características, propiedades e aplicacións por produto, todo iso integrado baixo a identidade gráfica establecida para o proxecto.

d) Actualizar o mapa de recursos dispoñibles do sector mineiro

A partir dos resultados obtidos nas actuacións anteriores, a COMG procederá á actualización do mapa dos produtos do sector mineiro galego, ferramenta que serve de base para a difusión e coñecemento dos recursos minerais existentes en Galicia. Trátase dunha base de datos xeográfica, vinculada á base de datos descrita no punto c), que permite acceder á información de maneira visual, áxil e intuitiva.

Adicionalmente, a COMG incorporará ao mapa un apartado específico dedicado aos minerais estratéxicos, destacando aqueles identificados como tales en consonancia coa lista de materias primas críticas publicada pola Comisión Europea, co fin de reforzar a súa visibilidade e facilitar a súa consideración en futuras cadeas de valor industriais.

e) Exposición do catálogo de Recursos Minerais da Materioteca no contexto do MMH

A actuación consistirá no transporte e instalación dunha selección representativa do catálogo de Recursos Minerais da Materioteca no MMH 2026 – Mining and Minerals Hall, o encontro internacional de referencia para o sector mineiro que se celebra en Sevilla con carácter bienal. Para garantir a participación nesta edición, será necesario transportar e instalar no recinto do MMH o contido expositivo e soportes, asegurando a súa correcta disposición e adecuación ao espazo asignado.





f) Presentación dos datos obtidos

A COMG promoverá, mediante un evento colectivo, a difusión dos recursos naturais dispoñibles e dos avances obtidos na materioteca. A iniciativa busca fomentar o seu aproveitamento en actividades innovadoras e industriais, favorecer o networking entre os axentes do sector e poñer en valor tanto a base de datos de minerais como as propostas de actuación. Tamén se destacará o papel das materias primas estratéxicas e o potencial de valorización dos residuos mineiros, contribuíndo ao desenvolvemento dunha verdadeira minaría circular no territorio.

Terceira.- Compromisos do INEGA

1. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio descritas na cláusula segunda.
2. Facilitar o asesoramento técnico e colaboración que sexa necesaria para a elaboración dos contidos desta actuación.
3. Calquera outra función que resulte de mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Cuarta.- Financiamento

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o INEGA aportará a cantidade de 100.000,00 €, IVE incluído, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 09.A3.561A.640.0 do seu orzamento de gastos para o ano 2026.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1. O importe que achega o INEGA ten como destino exclusivo a compensación dos custos nos que incorre a COMG no desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio realizadas dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro deste ano, para compensar os gastos nos que incorre na realización das devanditas accións e polo que non existe ánimo de lucro por parte desta última.
2. O pagamento da cantidade aportada polo INEGA efectuarase, mediante transferencia bancaria, en dous libramentos, realizando o primeiro unha vez xustificadas, antes do 15 de outubro de 2026, as actuacións realizadas antes da devandita data, e un segundo unha vez xustificada a totalidade das accións contempladas neste.

Para o pagamento de cada un dos libramentos será preciso que os traballos obxecto do presente convenio estean executados e entregados ao INEGA antes do 15 de outubro e 30 de novembro. Ademais, a COMG debe achegar antes de ditas datas a seguinte documentación:





- a) Certificación expedida pola entidade bancaria na que conste, ademais da dita titularidade, o seguinte: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.
- b) Memoria xustificativa da realización das actividades previstas.
- c) Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos no período de xustificación. COMG entregará xustificación documental dos gastos realizados baixo este convenio mediante as correspondentes facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- d) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que INEGA realice estas consultas polos seus propios medios.

Previo ao aboamento certificarase, polo INEGA, que os traballos realizados se axustan ao previsto no presente Convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos e pagos sexa inferior o importe fixado, a aportación do INEGA diminuírá de xeito proporcional.

O INEGA reservará para si o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa con relación á xustificación dos respectivos gastos.

Sexta.- Propiedade Intelectual

A propiedade intelectual e material dos traballos que resulten deste convenio será conxunta do INEGA e de COMG. A información que se obteña, os resultados das investigacións e o seu alcance poderán ser difundidos con autorización expresa de COMG e do INEGA, deixando constancia nas publicacións da participación de cada unha delas. En toda a documentación ou documento relacionado co presente convenio producido en forma unilateral, farase constar a colaboración prestada polo outro membro sen que isto signifique responsabilidade algunha, respecto do contido da publicación ou documento.

Sétima.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.





Oitava.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolveron as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio de colaboración.

Novena.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento e control formada por un representante do INEGA, que presidirá a mesma e terá voto de calidade, e outro de COMG e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Definir o alcance exacto das actuacións específicas a realizar en desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades dos proxectos e actuacións que se aborden.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Décimo primeira.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Os asinantes manifestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións



contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e resto de Rexistros Públicos que proceda.

Décimo segunda.- Causas de resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Considéranse causas de resolución as seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen previa aprobación formal
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo terceira.- Natureza e réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o INEGA e COMG, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.





O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración na data da sinatura electrónica.

Pablo Fernández Vila
Director do INEGA
Por Resolución do 10/03/2017 de
Delegación de competencias da
Presidencia da Axencia (DOG 27/03/2017)

Cecilia Trancón Loureiro
Presidenta de COMG

